



MARÍA SIEIRA RÍOS, SECRETARIA DO TRIBUNAL AVALIADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO de AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS PARA ATENDER AS NECESIDADES DO CONCELLO,

CERTIFICA: Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 9:00 horas do día 30/12/2019, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na “ACTA NÚMERO 2.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN Á FASE DE CONCURSO.”

(...)

Acto seguido procédese polo Presidente á lectura das reclamacións, que de seguido se relacionan, presentadas á valoración dos méritos emitida na fase de concurso:

1ª.- Reclamación presentada por **Celina Fernández Gómez**, con DNI número 76906484G, rexistrada de entrada na data 11/12/2019, co número 17.191, e na que solicita *“Revisión da experiencia profesional, debido a que presentou Certificado de Empresa coas funcións de AUXILIAR DE ADMINISTRATIVO e VIDA LABORAL e non foron tidos en conta na Puntuación.”*

2ª.- Reclamación presentada por **Pilar Bermúdez González**, con DNI número 76410554T, rexistrada de entrada na data 15/12/2019, co número 17.386, e na que solicita que se revise a documentación presentada na data 27/06/2019 para formar parte do proceso selectivo de referencia, e que non se tivo en conta á hora de avaliar a fase de concurso.

3ª.- Reclamación presentada por **Mª Dolores Ventoso Pouso**, con DNI número 33280740Q, rexistrada de entrada na data 15/12/2019, e na que se expón que: *“Vista a listaxe publicada coa valoración dos méritos na fase de concurso do proceso selectivo para a constitución dunha bolsa de emprego de auxiliares administrativos, non se tivo en conta a documentación aportada no seu día xunto a solicitude de participación no proceso selectivo presentada en tempo e forma.”*

4ª.- Reclamación presentada por **Ramón Guitián Fernández**, con DNI número 32810998A, rexistrada de entrada na data 10/12/2019, e na que solicita que se revise a documentación presentada na data 21/06/2019 para formar parte do proceso selectivo de referencia, e que non se tivo en conta á hora de avaliar a fase de concurso.

Estudadas as referidas reclamacións polo Tribunal Avaliador, este, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar a reclamación presentada pola aspirante Celina Fernández Gómez, con DNI número 76906484G, en base aos seguintes motivos:

- Para a súa valoración no apartado da experiencia profesional a Sra. Fernández Gómez soamente achega un certificado expedido polo representante da entidade *“Topografía y Servicios S.L.”*, no que se dispón que nos expedientes administrativos dunha seria de obras relacionadas no referido certificado, a citada traballadora realizou tarefas de auxiliar administrativo. Este Tribunal





considera insuficiente o referido certificado, xa que a aspirante non achega ningunha outra documentación na que se poida aclarar a categoría ou grupo profesional pola que prestou os seus servizos na mencionada empresa (contrato laboral, certificado de empresa, etc), mais tendo en conta que, no Informe de Vida Laboral que achega, indica que o Grupo de Cotización no que prestou os seus servizos á empresa "Topografía y Servicios S.L.", é o 02, que se corresponde coa categoría profesional de Enxeñeiros Técnicos, Péritos e Axudantes Titulados, é dicir, nada que ver coa experiencia nos postos de administrativo ou auxiliar administrativo.

SEGUNDO.- Estimar a reclamación presentada pola aspirante **Pilar Bermúdez González**, con DNI número 76410554T, ao ter comprobado que, tal e como dispón no seu escrito de reclamación, constan méritos presentados en tempo e forma que non foron avaliados polo Tribunal.

(...)

TERCEIRO.- Estimar a reclamación presentada polo aspirante **Ramón Guitián Fernández**, con DNI número 32810998A, ao ter comprobado que, tal e como dispón no seu escrito de reclamación, constan méritos presentados en tempo e forma que non foron avaliados polo Tribunal.

(...)

CUARTO.- Estimar a reclamación presentada pola aspirante **M^a Dolores Ventoso Pouso**, con DNI número 33280740Q, ao ter comprobado que, tal e como dispón no seu escrito de reclamación, constan méritos presentados en tempo e forma que non foron avaliados polo Tribunal.

(...)

QUINTO.- Ratificar a puntuación outorgada á aspirante **Celina Fernández Gómez** no apartado de experiencia profesional.

SEXTO.- Rectificar a puntuación outorgada aos aspirantes **Pilar Bermúdez González, Ramón Guitián Fernández e M^a Dolores Ventoso Pouso**, do xeito que se refire a continuación:

Orde	Apellidos e nome do aspirante	Experiencia profesional (máx. de 5 puntos)	Cursos (máx. de 3 puntos)	Outras titulacións (máx. 1 punto)	Cursos adm. Lingua galega (máx 1 punto)	Total
9	Bermúdez González Pilar	5	1,5	1	0	7,5
64	Guitián Fernández Ramón	5	1,7	1	0	7,7
148	Ventoso Pouso M ^a Dolores	5	0,2	0,5	0	5,7

SÉTIMO.- Que se publique no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Riveira e na súa páxina Web oficial (www.riveira.es) o resultado da cualificación do concurso de méritos do xeito que se detalla no cadro anterior.





OITAVO.- Convocar aos/as aspirantes definitivamente admitidos/as para que o **día 23 de xaneiro de 2020, ás 11:30 horas**, se presenten no **Auditorio Municipal, sito na Praza dos Mariñeiros, s/n do Concello de Riveira**, co obxecto de proceder á realización do primeiro exercicio da fase de oposición (**proba de coñecementos**), que consiste en contestar por escrito, no tempo máximo de 60 minutos, un cuestionario de 50 preguntas tipo test sobre o contido do temario especificado no Anexo II das bases que rexen este proceso selectivo.

Os/as aspirantes acudirán provistos do seu Documento Nacional de Identidade.

De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. Alcalde-Presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Riveira, sito na Praza do Concello, nº 1.

E para que conste, expido a presente certificación por orde do Presidente do Tribunal Avaliador, en Riveira, á data da sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

